

Resolución reitoral do 23 de abril de 2026 pola que se declara o esgotamento do crédito asignado ao financiamento do programa Erasmus+ KA131 e se determinan as consecuencias

Antecedentes

Primeiro. A Universidade da Coruña (UDC) aprobou, mediante a Resolución reitoral do 10 de novembro de 2025, a convocatoria e as bases reguladoras dos programas de mobilidade Erasmus+ KA131 con fins de estudo e bilaterais para o curso académico 2026/2027, en cuxo anexo III se dispón un calendario de procedementos con dous prazos diferenciados de solicitude.

Segundo. O programa Erasmus+ KA131 finánciase con fondos externos da Comisión Europea (proxecto KA131 anos 2025/27 “2025-1-ES01-KA131-HED-000326080”), con cargo á partida orzamentaria 0402251228 422D-48000. Os referidos fondos esgotáronse no primeiro prazo de solicitude, polo que non existe crédito destinado ao financiamento das mobilidades correspondentes ao segundo prazo de solicitudes, que se iniciaría o 4 de maio de 2026.

Terceiro. A inexistencia de crédito non impide que as persoas interesadas en realizaren unha mobilidade sen asignación económica poidan presentar a súa solicitude ao abeiro da modalidade «bolsa cero» do programa Erasmus+.

Polo exposto, **resolvo:**

- 1.º Declarar o esgotamento do crédito asignado ao financiamento do programa Erasmus+ KA131, que impedirá financiar as mobilidades correspondentes ao segundo prazo de solicitudes.
- 2.º Manter o segundo prazo de solicitudes aberto exclusivamente para a presentación de solicitudes de mobilidade sen asignación económica, ao abeiro da modalidade «bolsa cero» do programa Erasmus+.
- 3.º Dar publicidade á presente resolución mediante a súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na páxina web da Oficina de Relacións Internacionais.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización